



Contratación

Ref. O-5/2014 43010I00Y3 430/2014/38

Adjudicación modificado

**María Eugenia Vieito Blanco**, Concelleira Secretaria da Xunta de Goberno do Excmo. Concello da Coruña

**Certifíco:** Que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día de hoxe, adoptou, entre outros, o acordo que copiado do borrador do Acta é do seguinte tenor:

**Primeiro.** Autorizar o gasto de cento noventa e nove mil cento noventa e cinco euros con corenta e nove céntimos (199.195,49 euros) (IVE incluído), que supón o incremento no prezo de adxudicación das obras comprendidas no proxecto modificado de urbanización da parcela EG-S2.01-Parque San Pedro de Visma, como consecuencia da aprobación do proxecto modificado das obras, gasto imputable á aplicación 30.459.609.07.15 do orzamento municipal en vigor. De acordo coa autorización para a redacción do proxecto, acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 11 de setembro de 2015, esta modificación supón un incremento dun 8,98% do prezo primitivo do contrato, do que un 3,5% corresponde con modificacións previstas na cláusula 35<sup>a</sup>.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (reguladas segundo o art. 106 TRLCSP) e o 5,48% correspondente a modificacións imprevistas (que poderán realizarse a condición de que cumpran os requisitos que se establece no art. 107 do TRLCSP).

**Segundo.** Encomendar a execución das obras comprendidas no proxecto modificado citado á UTE Parque San Pedro de Visma (U-70.427.422), integrada por Construcciones López Cao, S.L., Construccións Vázquez y Reino, S.L. e Tecnored, S.A., en aplicación do que dispón o art. 234 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, nas seguintes condicións:

1. O prezo do contrato queda fixado na cantidade de dous millóns catrocentos dezaoito mil trescentos trinta e cinco euros con corenta e nove céntimos (2.418.335,49 euros) (IVE incluído), que se abonarán na forma establecida no prego de cláusulas administrativas particulares regulador da contratación inicial, con cargo á aplicación 30.459.609.07.15 do Orzamento municipal en vigor.

2. O prazo de execución das obras increméntase nun mes, a contar desde a data da firma do acta de comprobación do reformulo.

3. As obras executaranse baixo a dirección do enxeñeiro técnico de obras públicas municipal D. Miguel Angel Esteban Barredo

4. O contrato executarase con arranxo ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 1 de abril de 2014, regulador da contratación inicial, e de acordo cos prezos fixados no proxecto modificado aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de maio de 2016.

**Terceiro.** Pola UTE Parque San Pedro de Visma, integrada por Construcciones López Cao, S.L., Construccións Vázquez e Reino, S.L. e Tecnored, S.A. deberá procederse, no prazo de quince días a partir do seguinte ao da recepción destas resolucións, ao reaxuste da garantía definitiva constituída na cantidade de 8.231,22 euros, e nos dez días seguintes, á firma do correspondente contrato.

e para que conste, expido o presente, ao amparo e coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais e a resultas do Texto definitivo do Acta.

A Coruña, a

15 JUL. 2016